

A nosa referencia: 7 Cultura

Asunto: Informe relativo á xustificación de prezos presentada pola empresa Galicia Outsourcing, S.L.  
Expte. TEDeC: 2020/C004/000017

Vista a oferta presentada ao LOTE 1, pola empresa Galicia Outsourcing, S.L., con data 8/8/2020 a través da plataforma de contratos, para participar no proceso de contratación relativo a "SERVICIOS PARA EL DESARROLLO DE ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS Y CULTURALES AL AIRE LIBRE ORGANIZADOS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE DURANTE 2 ANOS".

De acordo co disposto no punto segundo da acta da mesa de contratación, celebrada con data 8/9/2020, a oferta presentada atópase en baixa temeraria, polo que se lle require a xustificación da mesma.

Vista a documentación presentada pola empresa con data 16/9/2020, xustificando a baixa realizada, a través da Plataforma de contratos do sector público.

INFORMO:

- Que a empresa Galicia Outsourcing, S.L., expón que para o cálculo da oferta, aplica o II Convenio colectivo marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural.
- Que o funcionario informante realizou unha valoración do importe do contrato no relativo a persoal, aplicando os prezos establecidos no *III Convenio colectivo de instalaciones deportivas y gimnasios de la Comunidad Autónoma de Galicia 2016-2018* (DOG nº25 de 6 de febrero de 2017) cun incremento do 2% estimado para o ano 2020, tal e como consta no prego técnico e no prego de cláusulas administrativas. Considérase que as funcións a realizar para cada un dos elementos que compoñen este Lote nº 1, requiren en xeral dunha formación deportiva específica que ha de ser retribuída segundo o dito Convenio.
- Que a empresa Galicia Outsourcing, S.L., realizou unha oferta máis baixa aplicando o Convenio colectivo de ocio educativo e animación sociocultural. Por isto, a calidade do servizo pode verse mermada xa que os monitores que levarían a cabo as tarefas, non terían porque estar especializados.

Tendo en conta o anterior, a criterio do funcionario informante non se considera xustificada a baixa temeraria da empresa Galicia Outsourcing, S.L.

O que se informa aos efectos oportunos.

Cambre na data da sinatura electrónica



O coordinador da Área

José Martínez Názara